

XXIX Concurso de Contos

Vila de Ponte deume

Bases:

1. Poderán concorrer ao premio estudantes de Segundo Ciclo da ESO, Bacharelato e Ciclos de Formación de Grao Medio ou Superior, cuxa idade non supere os 20 anos.
2. Os contos estarán en lingua galega e cada participante presentará unha **única obra**.
3. Os contos, que deberán ser orixinais e inéditos, terán unha extensión non inferior a seis (6) páxinas nin superior a oito (8), estarán mecanografados a dobre espazo con letra Arial, corpo 12, e tamaño DIN A4. As follas deberán estar paxinadas.
4. As obras presentaranse directamente ou ben poderán ser remitidas por correo certificado ao Rexistro Xeral do Concello de Ponte deume (rúa Real 13, 15600 Ponte deume. A Coruña).
As obras entregaranse en sobre pechado en cuxo exterior constará: o nome do concurso, o título da obra e lema ou pseudónimo do autor ou autora. No interior xuntarase outro sobre pechado, no que constará no seu exterior: o nome do concurso, o título da obra e lema ou pseudónimo do autor ou autora; e no seu interior: o auténtico nome e apelidos do autor ou autora, a fotocopia do DNI, teléfono de contacto, enderezo e indicación do centro no que cursa estudos e estudos que está a cursar.
Tamén se poderán presentar a través de correo electrónico a correo@pon-

tedeume.gal. Ao correo deberán xuntárselle dous arquivos, un co conto no que constará o lema ou pseudónimo do autor ou autora, e outro co auténtico nome e apelidos do autor ou autora, a fotocopia do DNI, teléfono de contacto, enderezo e indicación do centro no que cursa estudos e estudos que está a cursar.

5. O prazo de presentación remata o **8 de abril de 2019**.
6. Estabéllese un **único premio dotado con 476.- €**. (Este premio está suxeito á retención de IRPF (RIRPF, art. 70)
7. O premio poderá quedar deserto de non existiren obras de calidade a xuízo do xurado.
8. Así mesmo o xurado poderá determinar o outorgamento de accésits.
9. O xurado, nomeado polo Concello de Ponte deume, estará composto por tres membros e un secretario ou secretaria con voz e sen voto, en representación da Concellería de Cultura. A decisión do xurado comunicáselles aos participantes e público en xeral o mesmo día da entrega dos premios.
10. O día da entrega dos premios será o **día 17 de maio de 2019**, Día das nosas letras.

11. O Concello de Ponte deume resérvase a posibilidade de publicar o premio e accésits no momento que considere conveniente. Neste sentido, o autor ou autora renuncia a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor e o/os exemplar/es que entregue da súa/s obra/s quedarán en propiedade do Concello.
12. A organización resérvase o dereito de cancelar o concurso ou resolver os imprevistos sen estar obrigada a comunicarllelo previamente aos participantes.
13. A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.

* Este premio está suxeito á retención vixente do I.R.P.F (R.I.R.P.F. art. 70)

Teléfono de información: 981 43 25 98



Ponte deume